


**6. BARCELONA** Alí produciu Ramiro Ledo a fita *VidaExtra*.

**7. TENERIFE** Onde migrou Xurxo Chirro logo de facer *Vikingland*.



**PORTO DO SON — BARCELONA**

## Alberte Pagán ✎ Ramiro Ledo

A ESTE PAÍS CÓMPRELLE MÁIS XENTE como Ramiro Ledo, cineasta de obra escasa mais contundente, na que conviven arte e política, reflexión estética e análise militante. A súa filmografía parte das loitas do pasado —aquel grande engano chamado «Transición» a través das imaxes filmadas por Carlos Varela Veiga en *CCCV*; a dogmática expulsión de Artaud do grupo surrealista en 1926 n' *O proceso de Artaud*— para aprender delas e dar na rabiosamente presente *VidaExtra*.

Para entender o cinema de Ledo é case imprescindible coñecer a obra de Peter Weiss, a quen está dedicada *O proceso de Artaud* e cuxa *A estética da resistencia* vertebra *VidaExtra*. De feito, poderíase afirmar que *VidaExtra* é unha versión d' *A estética da resistencia*, tendo en conta que o cerne da película é unha longa conversa, só aparentemente anódina, na que cinco persoas se enfrontan á realidade política actual dende a mesma posición crítica que o narrador da novela de Weiss.

Nun novo exercicio de paralelismo, Ledo parte das brigadas internacionais, das que Weiss formaba parte, para, décadas despois, regresar ao mesmo sitio e observar e compartir as novas loitas que alí están a ter lugar. As lúcidas observacións dos contertulios, feitas dende o cotián, son unha chamada de atención sobre

as nosas accións ou ausencia delas. A conversa ten lugar un Primeiro de Maio. Alguén pregunta: non sería máis útil ir ás manifestacións no canto de ficar na casa a charlar? Vista *VidaExtra*, produto imprescindible desa xeira de portas adentro, a resposta é «non». §

**BARCELONA — TENERIFE**

## Diana Toucedo ✎ Xurxo Chirro

«O PAÍS QUE NON É CAPAZ DE darlle de comer aos seus é un país de merda. Se viaxas por aí e atopas unha oportunidade, non volvas». Este comentario dun pai transmitido tras xeracións convértese nunha triste letanía para os fillos que vemos unha terra chea de riquezas. Quizais compartimos durante anos esta mesma frase, oída día tras día na nosa busca, a carón do mar que sempre agarda unha terra máis afastada, un novo porto ao que chegar.

Mais ti quedaches ou volviches aínda sen nunca marchar. Segues a loitar pola terra firme que pisas, por ese mar ao que lle suplicas que traia, que devolva aquilo que abrangues. Quedas sabendo que estar aquí vai máis aló das oportunidades, xa que o aquí é o verdadeiro fogar. O fogar do Haia, o protagonista de *Vikingland*, que reclama trala representación coa



### Alberte Pagán

O Carballiño, 1965. Autor de varios libros sobre cinema experimental e de filmes

como *Os waslala*, *Bs. As.*, *Pó de estrelas* ou *Tanyaradzwa*.



### Diana Toucedo

Pontevedra, 1982. Editora dalgúns filmes de Isaki Lacuesta,

como *La noche que no acaba*, e autora de varias curtas, entre elas *Imaxes secretas*.

